

## NOTA DE PRENSA

### **ASUNTO: As obras que se están executando na ponte da Ferrería.**

Estos días de precampaña electoral as, e os, veciños de Caldas de Reis estamos a asistir estupefactos a realización dunhas obras de chapa e pintura, nunca millor dito, na baranda da ponte da Ferrería por parte de operarios enviados polo Ministerio de Fomento.

**Dende os Populares de Caldas de Reis queremos deixar constancia que existe unha resolución plenaria é unánime do Concello de Caldas de Reis onde se pedía a rehabilitación integral da ponte da Ferrería, que consistía en limpeza da pedra, alumeadoo, alineación das pedras das beirarrúas e da baranda, con traballo de forxa sobre esta última, así como a sustitución da capa de rodadura.**

Esta era a esixencia na que estábamos todos de acordo, de feito viñeran uns operarios a realizar labores de mantemento das beirarrúas da ponte e o Alcalde foi a requerirlle que deixaran os traballos posto que os consideraba unha chapuza, pero claro, en Madrid daquela gobernaba o Partido Popular, e agora goberna o PSOE.

**Nos esiximos, goberne quen goberne en Madrid, que se acometa un ambicioso proxecto de rehabilitación integral desta fermosa, e tan importante, ponte do noso Pobo, e por tanto esiximos o cumplimento do acordo unánime do noso Pleno, e non imos permitir parches electorais, todo elo porque é de xustiza e porque é necesario para garantir a seguridade de peatons e de conductores.**

**E tendo en conta a chapuza que se está a facer e que simplemente é un retoque estético, que para nada garantiza a seguridade dos peatóns, e polo que denunciamos públicamente esta chapuza e indicamos que ante calquera accidente provocado polo lamentable estado de seguridade da ponte consideraremos directamente responsable o Ministerio de Fomento e subsidiariamente o Alcalde por permitir este remendo electoralista.**

En Caldas de Reis a 1 de Marzo de 2019